

*Texto de Manuel Puga Pereira, .
Fotografías de Manuel Puga Pereira,
do arquivo de Lucila Pereira Otero.*


- ① Ernestina Otero na súa infancia.
- ② A mocidade de Ernestina Otero.
- ③ Fotografía do quilométrico para viaxar en tren a Madrid (1910). Con María Cruz Pérez, Rosa Saz, Alejandro Otero e a súa nai.
- ④ Veraneo da familia Pereira - Otero en Cesantes (1923).
- ⑤ Na primeira casa familiar en Pontevedra.
- ⑥ Excursión en 1916 coas alumnas da súa primeira promoción como profesora.
- ⑦ Promoción de alumnas no novo edificio da Gan Vía.
- ⑧ Botica familiar.
- ⑨ Excursión escolar a Marín nos anos 40.
- ⑩ Excursión á Toxa nos anos 40.
- ⑪ Ernestina Otero á súa volta a Pontevedra.
- ⑫ En Redondela coa súa filla Lucila, o seu sobriño Pedro Otero e os seus netos Lucila, Luisa e Manuel Puga Pereira (1954).



CONCELLO DE
PONTEVEDRA
Concellaría de Patrimonio Histórico

A Memoria das **MULLERES**

Ernestina Otero Sestelo
(1890-1956)



Ernestina Otero Sestelo (1890-1956)

Nace en Redondela en 1890. Filla do boticario Pedro Otero Milleiro e de Lucila Sestelo González.

Ao rematar os estudos primarios na súa vila natal, cursa a carreira de Maxisterio na Escola Normal de Pontevedra (1904-1908), onde obtén o grao de “Maestra superior” coa calificación de sobresaliente, principiando xa dende aquela no seu círculo de amigas e achegadas unha auténtica revolución no tocante aos dereitos da muller e á necesidade de rachar coa ideoloxía dominante do momento orientada fundamentalmente á formación de boas fillas, nais e esposas. Ao ano seguinte, malia as críticas que ten que aturar polo seu afán cultural “no propio de señoritas”, decide facer as oposicións de ingreso na recién creada en Madrid “Escuela de Estudios Superiores del Magisterio” para a formación especializada do profesorado das Escolas Normais e Corpo de Inspectores de primeiro ensino. Unha institución pioneira na formación superior dos docentes, que destacou pola súa innovadora metodoloxía e polo seu sistema organizativo, e aínda por riba mixta (só

as primeiras promocións), experiencia esta que con toda seguridade fixo dela unha fervente defensora da coeducación. Alí, Ernestina toma contacto coa xente da “Institución Libre de Enseñanza”, de ideas progresistas en materia pedagóxica, entre os que compre destacar, pola estreita relación que mantiveron con posterioridade, o eminente pedagogo Luis de Zulueta.

En 1913 remata os seus estudos na Sección de Ciencias daquel centro, e moi axiña casa co boticario redondelán Luís Pereira Míguez. En febreiro de 1915 accede por concurso de méritos á praza de Profesora de Pedagogía da Escola Normal de Pontevedra, no vello edificio do antigo colexio dos xesuítas, onde ela mesma fixera os seus estudos de maxisterio. Dende a súa incorporación á devandita Escola participa en todas as actividades propias ou paralelas do centro, como os cursiños pedagóxicos, tribunais de oposicións e conferencias, colabora na creación de cantinas e roupeiros escolares como medios para atraer aos rapaces a escola e promove outras máis novidosas como as viaxes culturais a museos, lugares históricos, instalacións industriais e centros de investigación.

Xa que logo **establecen o domicilio familiar na Boa Vila**, inicialmente, nun chalé perto

de Santa Clara e, tras un curto período no edificio modernista da praza da Ferraría, pasan a ocupar o primeiro andar dun inmoible da rúa da Oliva, enriba do local de ensaio da histórica Coral Polifónica, integrándose e participando plenamente na vida social daquela vizosa Pontevedra, fervedoiro de iniciativas e proxectos.

En 1920 contribúe decisivamente a que o seu vello mestre Luis de Zulueta (posteriormente ministro de estado na República) se presente ás eleccións a deputado a cortes polo distrito de Redondela fronte o caciquismo imperante, co apoio das sociedades agrarias e de mariñeiros e os colectivos progresistas do distrito. Non conseguiron ese obxectivo nese intento, se ben foron quen de arrebatar o escano aos liberais na seguinte convocatoria en 1923.

A proclamación da Segunda República achega ao profesorado innovador a mellor oportunidade de contribuír, mediante a educación e a cultura, ao desenvolvemento social. E, **para as autoridades republicanas, a profesora Otero Sestelo é unha das persoas máis idóneas en Pontevedra cara a posta en marcha da reforma educativa.** En consecuencia, involúcrana en numerosas iniciativas e confíanlle un certo tempo a dirección da Escola de Maxisterio (Escola Normal), recentemente

instalada no novo edificio da denominada Gran Vía. Tamén nesta altura **asume a Presidencia do “Consejo Provincial de Primera Enseñanza”** do que forma parte durante case que catro anos. Entre as numerosas iniciativas levadas a cabo nesta etapa compre salientar a organización de cursos de reciclaxe para os mestres rurais, o fomento da asistencia á escola -con especial atención ás meniñas- prestando o seu apoio á creación de novas cantinas escolares na provincia, promoción da educación de adultos, creación de novas escolas, cooperación coas xuntas municipais na utilización dos campos agrícolas experimentais, dos talleres artesanais e industrias relacionadas co desenvolvemento do país, ou o fomento do estudo e investigación das características históricas, xeográficas e culturais de Galicia.

En febreiro de 1933 apoia o Manifesto dos intelectuais galegos a favor do Estatuto de Autonomía de Galicia como un compromiso público máis coa súa Terra e a democracia. Ernestina e mais a inspectora M^a Cruz Pérez, son as dúas únicas mulleres que asinan o documento.

Co levantamento militar de 1936 comezan as denuncias e persecucións en toda a súa contorna familiar e de amizades, e no mes do novembro é suspendida de emprego e soldo, figurando

na primeira listaxe de depuración do distrito universitario de Santiago na que aparecen tamén, entre outros, Castelao e Tafall.

En xuño do ano seguinte, vítima das humillacións e agresións físicas falece o seu home, e dez días máis tarde, o BOE recolle a orde pola que é separada definitivamente da súa cátedra.

O único medio de subsistencia, unha vez desmantelado o fogar pontevedrés e de volta a Redondela, son as pasantías, das que tira cartos para manter aos seus, pagar as continuas multas que lle imponen e axudar aos presos políticos e as súas familias, actividade esta que mantería ate o final da súa vida. E mesmo a rebotica familiar convértese nun roupeiro, neste caso para os condenados a prisión.

Coa arbitrariedade propia das Comisións de Depuración, unha vez rematada a guerra, revisan o seu expediente e deciden repoñela no seu cargo, se ben con **traslado forzoso fora de Pontevedra e inhabilitada para “cargos directivos y de confianza”**. A Normal de Ourense vese deste xeito beneficiada con esta medida durante unha longa década, especialmente dura para os amantes da liberdade e máis aínda nas súas circunstancias persoais.

Xa en 1951, malia non se ter dobregado á situación política imperante, permíteselle participar nun concurso de traslados que a devolvería á súa inesquecible Pontevedra, mesmo naqueles escuros anos, cunha Normal totalmente distinta a aquela que tivera que deixar e un claustro no que ela se sentiría dalgún xeito allea.

Para Herminio Barreiro, Catedrático de Historia de Educación da Universidade compostelá, alumno dela nesa etapa, “*na Escola Normal de Pontevedra dos anos cincuenta, e xa ao final da súa carreira, Ernestina Otero era a representación máis auténtica do vello espírito renovador da Institución Libre de Enseñanza de Giner y Cossio e da mellor tradición innovadora republicana. Nas súas clases citábanse como un murmurio, nomes non recollidos nos libros de texto oficiais ou experiencias pedagóxicas como a Escola Nova da que ela foi fiel seguidora*”.

E o 13 de febreiro de 1956, cun corazón esgotado, falecía repentinamente en Redondela aquela formadora de numerosas promocións de mestres e mestras galegos, símbolo, de novo en palabras do profesor Barreiro “da emancipación feminina e feminista da primeira metade do século XX”.